

# BANDO

## AMPLIACIÓN DE HORARIO SAMAÍN 2024

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ , ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES,

FAI SABER:

Con motivo da celebración do Samaín en Outes, acórdase a ampliación de horario de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

**PRIMEIRO.-** Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de apertura de establecementos públicos, en todo o termo municipal, durante a noite do xoves 31 de outubro.

**SEGUNDO.-** Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, serán aqueles que consten con licencia municipal para actividade de hostalaría (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

A prolongación do horario permitido de peche debe respectar, en todo caso, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

**TERCEIRO.-** Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde ,  
D. Manuel González López,

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

